

RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS A TRÁMITE PARA A ORGANIZACIÓN DE OBRADOIROS NO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2024/2025 NO CAMPUS DE OURENSE

De acordo coa base 8.1 da resolución reitoral do 14 de novembro de 2024 pola que se convocan as axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso académico 2024/2025,

Esta reitoría **RESOLVE**:

Aprobar e ordenar a publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para a organización de obradoiros no segundo cuadrimestre do curso 2024/2025 no campus de Ourense (Anexo).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo



Anexo

Solicitudes admitidas definitivamente a trámite – Campus Ourense

Nome	Obradoiro proposto
Aguiar Fernández, Francisco Javier	Ferramentas artísticas e socioafectivas para a intervención social
Alonso Ferreiro, Almudena	Intervencións asistidas con cans/cadelas
Blanco Sierra, Javier	Introdución ao gravado contemporáneo
Brea Castro, Millán	Deseño e execución de proxectos sociais e educativos
Fernández Simo, Jesús Deibe	O proceso de reinserción sociolaboral con persoas privadas de liberdade
Ferreira Santos, Pedro Miguel	Innovación sostible para a valoración de residuos vitivinícolas
González Jorge, Higinio	Introdución á observación astronómica
Torrado Agrasar, Ana María	Danzas do mundo e interculturalidade
Vázquez Figueiredo, María José	Artellando estratexias terapéuticas con ciencia e arte na xustiza

